


Configurando o blog: Tema

Para configurar o noso blog imos usar as distintas opcións da barra lateral esquerda do panel de administración.



En concreto, ímonos centrar nas opcións de **“Diseño”** (personalizar e modificar o tema). **“Páxinas”** para ter páxinas estáticas onde manter información (normas, filosofía, resultados, calendarios) e **“Administra”** para engadir redactores/colaboradores do blog.

Comezamos configurando o Tema:

1. Elixer a opción “Tema” no apartado deseño da barra lateral esquerda do panel de administración.

Aparecen multitude de deseños distintos, o ideal é ter unha idea de como imos organizar a nosa información. (A agrupación de posts faise por etiquetas, pero as páxinas estáticas deben ter información invariable que pode ser de utilidade)

[\[Actividade de deseño en papel → 2ª sesión co blog de biblioteca\]](#)

Configurando o deseño da páxina.

Se en barra lateral eliximos personalizar, poderemos cambiar a configuración da páxina, explora as distintas opcións e aplica os seguintes cambios:

1. Fai visible o menú primario e engade ata tres páxinas
2. Cambia a imaxe da páxina de inicio
3. Engade un widget de contador de visitas..
4. Cambia o favicon

Que é o favicon?

É unha pequena icona (normalmente de 16×16 pixels ou de 32×32 px, aínda que wordpress permite ata 512 px) que se utiliza para identificar un sitio web nas pestanas dun navegador, nunha listaxe de favoritos, ou en calquera outra parte que requira unha identificación pequena.

É un símbolo que transmite imaxe corporativa, así que serve para:

- Transmitir a nosa imaxe de marca cando alguén navega pola nosa páxina web e fixa a súa mirada na zona da URL do navegador.


- Para que a nosa páxina sexa facilmente identificable cando alguén ten abertas varias pestanas no seu navegador.
- Para que a nosa páxina sexa facilmente identificable cando alguén a garda nos seus favoritos.

Engadindo gadgets de Wordpress

Desde personalizar poderemos “Engadir widgets” ao noso blogue. Wordpress ten moitos distintos, normalmente poderémolos engadir ás distintas barras que teña o nosa plantilla.

Configura o teu blog con:


1. Engade dous gadgets que creas interesantes ademais de:
2. Estatísticas do blogue
3. Un texto
4. Unha imaxe.




Páxinas adicionais

O noso blog pode ter páxinas estáticas adicionais, tanto creadas desde o propio blogger como externas. Para crealas debemos usar na consola de administración a opción páxinas e para engadir a ligazón que nos permitirá acceder a elas debemos engadir un Menú en “Personalizar”

Primeiro las creamos aquí:



E facémolas accesibles aquí:



Configura o teu blog cunha páxina adicional

1. Crea unha páxina relacionada co tema do teu blog o una presentación estática sobre as intenciones do blog.
2. Configura a listaxe de páxinas e coloca o widget donde creas que quede mellor.

Varios autores

Para rematar esta parte de conceptos básicos veremos como engadir máis dun autor ao blog.

